

## **Introdución á exposición dos surrealistas da costa oeste**

A historia do surrealismo da costa oeste remóntase aos experimentos coa colaxe, a pintura e os multimedia que tiñan lugar en Vancouver, nos anos 1960. Unha gran variedade de obras xurdía de artistas, escultores, músicos e cineastas, que traballan nun momento no que o surrealismo estaba sendo redescuberto por artistas, poetas e músicos ao combinar poesía *beat*, expresionismo abstracto e jazz *bepop*. Crían que a súa liñaxe se remontaba aos surrealistas, aos dadaístas e aos simbolistas.

Artistas como Gary Lee Nova producían obras de canto duro, influenciadas polo pop, e facían colaxes confeccionadas con vellos gravados. Jack Wise, un abstraccionista místico á maneira de Mark Tobey, vivía nunha illa e producía cadros mandala semellantes a xoias. O poeta bill bissett compoñía poemas sonoros, colaxes e creaba cadros con reminiscencias dos petróglifos dos indios nativos. O pianista, artista e poeta Al Neil creaba montaxes fragmentadas que recordaban a Kurt Schwitters, despois tocaba nun trío, do cal tamén eu formei parte, onde as colaxes sonoras e lecturas de poesías cortadas complementaban o noso jazz libre. Foi un tempo emocionante na historia de Vancouver.

A comezos dos anos 1970, ao buscar novas fontes de inspiración, formei a Orde Divina da Loxia, xunto co poeta david uu, Gary Lee Nova e o artista de Québec, Gilles Foisy. Os nosos intereses centrábanse nos mundos da alquimia, da mitoloxía e doutros temas arcanos, combinados dunha maneira orixinal e neosurrealista. Cunha bolsa do Consello canadense e unha carta de introdución de William Rubin, do Museum of Modern Art de Nova York, viaxei a Europa en 1971 para explorar os vínculos entre a alquimia e o surrealismo.

Froito desta investigación, foi unha exposición titulada Canadian West Coast Hermetics: The Metaphysical Landscape, coa participación de Jack Wise, david uu, Gary Lee Nova, eu mesmo, Ed Varney e Gilles Foisy. Alguén que o viu foi José Pierre, colega de André Breton. Desde aquela exposición, recoñeceuse a costa oeste como parte importante da recuperación mundial do surrealismo.

Durante os anos 1970, a Move Gallery en Vancouver do norte chegou a ser a sede do Grupo Surrealista da Costa Oeste, que me incluía a min mesmo, a Robert Davidson, Ted Kingan, Leo Labelle e Michael Bullock. Este grupo alcanzou unha proxección internacional a través de dúas exposicións: Surrealismo Unlimited: Conroy Maddox and Friends, no Cambden Arts

Centre, Londres (1978) e *Other Realities: The Legacy of Surrealism in Canadian Art*, nos centros culturais canadenses de París e Londres (1979).

En 1981, José Pierre incluíu o grupo da costa oeste nun traballo de investigación titulado *Surrealism in Canada* e tamén incluíu obras dos surrealistas da costa oeste no seu libro de 1983, *L'Univers Surréaliste*. Nos anos 1980, Michael Bullock e Ladislav Guderna formaron o Melmoth Group, que incluía os novos membros Lori-Ann Latremouille, Martín Guderna, Adrej Somov, Davide Pan e Sheri-D Wilson. Michael Bullock sacaba unha pequena revista de prensa titulada *Melmoth*, mentres que os Gudernas editaban a súa propia publicación periódica, *Scarabeus*.

Os cinco artistas desta exposición chegaron á costa oeste canadense por medio de catro camiños moi distintos. Gordon Payne (1933) naceu en B. C., mentres que eu (1947) cheguei a Vancouver desde Ottawa, á idade de seis meses. Pnina Granirer (1935) naceu en Romanía e despois viviu en Israel, Estados Unidos e Montreal antes de mudarse definitivamente a Vancouver. Martín Guderna (1956) deixou Checoslovaquia en 1968, despois viviu en Italia e Toronto, antes de establecerse en Vancouver en 1979. O seu pai, o famoso surrealista Ladislav Guderna, foi colega de Eugenio F. Granell e publicou o seu traballo na publicación periódica *Scarabeus*.

Tamén é variada a obra destes artistas. Os meus propios cadros e obras multimedia ocupan un espazo entre a paisaxe abstracta e a figuración surrealista. Tiven a sorte de poder conectar cos escritores surrealistas de París, como Edouard Jaguer, que expuxo os meus debuxos na exposición *Dessin Automatiste* e Sarane Alexandrian, que incluíu o meu traballo na súa publicación periódica, *Superiore Inconnu*. En 2003, o documental televisivo *A New Arcadia, The Art of Gregg Simpson* seguiu a evolución do meu traballo desde o neosurrealismo de fantasía dos anos 1970, ata as obras máis abstractas de anos recentes. (Nacín en Ottawa e vivo en Vancouver. Expuxen a miña obra en Canadá e internacionalmente).

O traballo de Pnina Granirer ten afinidades co surrealismo pero, como moitos artistas, non formaba parte de ningún grupo ou movemento organizado. O que a coloca nesa tradición é a calidade lírica, e tamén ocasionalmente inquietante, de obras como a *Carved Stone Series*. Aquí xuxtapoñía a estatuaria clásica coas formacións de rocas erosionadas de British Columbia, especialmente na máxica Gabriola Island, coas súas rocas areentas e pictografías indíxenas. Celébrase o seu traballo no libro de 1977, *Pnina Granirer, Portrait of an Artist*, e no documental televisivo de

2004 do mesmo nome. (Naceu en Rumanía e viviu en Israel, os EEUU e agora reside en Vancouver. Granirer expuxo en Canadá e en Europa).

Martin Guderna empezou a exhibir como grupo surrealista da costa oeste en 1980. Axudou a formar o Melmoth Group co seu pai Ladislav Guderna e o poeta Michael Bullock, que seguiu ata 1999. Martin Guderna crea un mundo interior moi persoal nos seus debuxos e óleos. Tamén foi coeditor da publicación periódica *Scarabeus* e fixo películas animadas como *Voltage Junkie*, con Michael Wrinch. O seu traballo trata a transformación erótica, as metamorfoses de formas animais e humanas, a miúdo combinando unha incrustación de deseños abstractos. (Naceu en Checoslovaquia e viviu en Italia, Toronto e Vancouver. Fixo exposicións en Canadá e Europa).

Gordon Payne crea grandes cadros multimedia inspirados na paisaxe de Hornby Island, ao norte de Vancouver, onde tamén creou un xardín exterior de esculturas. Os seus cadros automáticos en branco e negro desta exposición aseméllanse a debuxos grandes. Aínda que provocan comparacións con Fahlstrom ou Alechinsky, son as visións únicas de Payne, nas que sempre mantén unha postura crítica entre temas modernistas e posmodernistas de estética e significado. (Naceu na Columbia Británica e agora vive na illa de Hornby, B.C. Payne expuxo tanto en galerías internacionais como en Canadá).

Todos estes artistas exploran o seu propio enfoque persoal do surrealismo contemporáneo e todos teñen algo que os une: o poder transformador da imaxinación.

Pódese ver a cronoloxía completa do surrealismo da costa oeste, en [www.greggsimpson.com/Chronowelcome.htm](http://www.greggsimpson.com/Chronowelcome.htm).

Gregg Simpson  
Decembro de 2004